

# **FAQ-ALUMNADO**

## RESPECTO Á OFERTA EDUCATIVA E Á MATRÍCULA

### **1. Que tipos de cursos e exames se poden facer na Escola Oficial de Idiomas?**

a. **Cursos oficiais:** son cursos presenciais, con clases de hora e media, tres días por semana.

b. **Cursos cuatrimestrais:** son tamén cursos presenciais, pero impártense todos os días da semana dúas horas cada día. Permiten que se poidan sacar dous cursos nun ano académico. Os exames do primeiro cuatrimestre son en xaneiro e os do segundo en xuño.

c. **Cursos a distancia:** só existen en inglés (*That's English*). Hai titorías de asistencia voluntaria unha vez á semana, 1 hora e media, o resto é traballo autónomo co material editado de *That's English* e programas de televisión. Estes cursos rematan en 3º de inglés (antigo Ciclo Elemental). Está pendente a publicación dunha nova orde que regula o inglés a distancia, para o curso 2008-2009.

d. **Exames libres / matrícula libre:** o alumno só ten dereito a facer o exame, non hai clases nin titoría. Non hai exames libres ao final de cada curso, senón ao final de cada ciclo.

No plan de estudos novo, as probas libres coinciden coas de certificación e fanse ao final de cada nivel (cada dous cursos).

e. **Cursos monográficos de especialización ou actualización:** impártense 2 ou 3 días por semana, 2 horas ou hora e media cada día. As taxas de matrícula dependen do número de horas e a certificación tamén é por horas. Son cursos específicos, que ás veces requiren coñecementos previos (comprobables mediante probas ou entrevistas previas ou titulación). Na convocatoria de cursos monográficos xa se especifican os requisitos. Cursos monográficos poden ser, p.ex.: alemán para o turismo, portugués médico, inglés audiovisual...

f. **Cursos monográficos en colaboración con outras entidades.** Neste grupo encádranse os cursos de idiomas para profesores, incluídos no programa do CFR, os cursos de linguaxe administrativa galega, os cursos de inglés audiovisual (en colaboración co Consorcio Audiovisual de Galicia), e os Celgas (cursos preparatorios para a obtención de certificados de lingua galega, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística). As convocatorias son específicas, poden estar ou non subvencionados, e isto vén determinado por convenios cos organismos cos que se colabora.

g. **Probas de clasificación (antigas probas de nivel).** De momento, adminístranse unha vez ao ano. Non dan titulación ningunha, só serven para poderse matricular nun curso superior a básico 1 (determinan o nivel do alumnado). Dan acceso á matrícula oficial en cursos ordinarios ou cuatrimestrais. Para o acceso a niveis superiores do curso a distancia *That's English* existe unha proba similar denominada proba VIA (Valoración Inicial do Alumnado).

h. **Clases complementarias.** Este tipo de clases non son de asistencia obrigatoria nin fai

falta matricularse. Están dirixidas a completar a formación do alumnado, ofrecen a posibilidade de traballar e reforzar as distintas destrezas. Pode asistir tanto o alumnado matriculado (incluído o alumnado de That's English) como aquelas persoas que foron alumnos da EOI e pertencen á Asociación de Alumnos e de Antigos Alumnos.

É posible obter un certificado de asistencia ás complementarias; para iso, haille que solicitar a inscrición ao profesor correspondente e non exceder do número de faltas permitidas.

## **2. Se está matriculado nun idioma, é posible asistir ás clases complementarias dun segundo idioma distinto?**

Si. Estar matriculado nunha lingua dá a posibilidade de asistir a calquera complementaria ofrecida na escola. Igualmente, unha persoa non matriculada neste curso pode asistir ás complementarias se se fai socia da Asociación de Alumnos e Antigos Alumnos.

## **3. Acábome de matricular, por que non figura o grupo que escollín en Centrosnet?**

Os datos da matrícula non se actualizan automaticamente en Centrosnet. Cómpre verter os datos.

## **4. Se por causas imprevistas non pode asistir ás clases unha vez matriculado, pode instar a anulación de matrícula, pero non lle devolven os cartos, que efectos ten dita anulación? Gárdase a matrícula para outro ano que si poida asistir?**

Soamente se devolven as taxas cando se deixa de ofrecer un curso, por causas imputables ao centro, no que o alumno xa se matriculou. Na circular 5/2007 que regula a admisión de alumnos nas Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia para o curso 2007/2008 di no seu punto 15.2: "A anulación da matrícula figurará no expediente académico dos alumnos e das alumnas, e non suporá a devolución das taxas pagadas nin computará para os efectos de permanencia no nivel correspondente." As circunstancias persoais de cada alumno non implican que as taxas de matrícula sexan devoltas. A matrícula só é efectiva para o ano no que se fai, non podendo gardarse para anos posteriores.

## **5. Cando podo solicitar a anulación da matrícula?**

A data límite é o 30 de abril. A xente anula a matrícula normalmente para non esgotar convocatorias. A anulación de matrícula non conleva en ningún caso a devolución das taxas.

## **6. Como podo saber a que curso accedo tendo o diploma tal ou a titulación tal?**

A circular 5/2008 estipula no seu anexo II as titulacións que dan acceso a determinados niveis das EEOOII de Galicia. Pode consultarse no apartado de lexislación galega da nosa web.

Ademais, pódese ver a táboa de accesos directos na seguinte ligazón: [http://www.eoisantiago.org/activos/pdf/accesos\\_directos0809.pdf](http://www.eoisantiago.org/activos/pdf/accesos_directos0809.pdf)

## **7. Podo solicitar unha bolsa do MEC para facer cursos de idiomas na EOI?**

Si que se pode solicitar unha bolsa para a EOI. Hai que comprar o sobre de solicitude de bolsa nun estanco e entregalo cando formalice a matrícula na EOI. Consulte o prazo de solicitude nas instrucións que veñen dentro do sobre de solicitude de bolsa. Hai que pagar as taxas cando se fai a matrícula e se despois lle conceden a bolsa, solicítase a devolución na EOI. Lembre que só se pode solicitar unha bolsa do MEC por ano académico, polo que se a solicita para outro tipo de estudos (instituto ou universidade) non o poderá facer para a Escola Oficial de Idiomas.

## **8. É preciso facer a matrícula en persoa?**

Non fai falta que veña en persoa, pode enviar alguén autorizado que lle formalice a matrícula. Pero indíquelles os grupos que desexa por orde de preferencia, por se se dá o caso de que cando esta persoa chegue, o grupo solicitado estea pechado.

## **9. Podo matricularme por correo?**

Non. A matrícula debe ser formalizada en persoa.

## **RESPECTO AOS EXAMES**

### **1. Coa reforma dos ciclos, seguirá habendo no curso 2008-2009 a posibilidade de examinarse por libre nos ciclos elemental e superior, como até agora?**

Os ciclos elemental e superior desaparecen no curso 2008-2009, coa completa implantación do novo currículo, estruturado en tres niveis: básico, intermedio e avanzado. Cada un destes niveis pode facerse por libre.

### **2. Vai haber exame de setembro?**

Segundo a Orde do 8 de setembro de 2008, as probas terminais de certificación realizaranse no mes de xuño en convocatoria ordinaria e no mes de setembro en convocatoria extraordinaria. Na convocatoria extraordinaria, o alumnado só terá que examinarse das destrezas non superadas na convocatoria ordinaria. A proba final de promoción ten tamén convocatoria extraordinaria no mes de setembro.

### **3. É obrigatorio presentarse ao exame de febreiro? Canto conta para a nota final?**

O exame de febreiro é voluntario. Os resultados acadados nesta proba corresponderán ao 30% da nota final para aqueles alumnos con dereito á avaliación continua (que non superan o 20% de faltas sen xustificar). Ao alumnado que perda este dereito por exceder o número de faltas, o exame de febreiro non se lle computará e o 100% da cualificación será a nota do exame final.

### **4. O alumnado matriculado de maneira oficial en Intermedio 1 pode presentarse ás probas de certificación de Nivel Básico?**

Pode. Para iso deberá inscribirse e aboar as taxas pertinentes.

### **5. O alumnado matriculado en cursos finais de nivel deberá aboar taxas en concepto da proba de certificación correspondente a ese nivel?**

Non. A matrícula de Básico 2, Intermedio 2 e Avanzado 2 (ou dos cursos integrados de galego e portugués) xa dá dereito a presentarse ás probas de certificación.

## **RESPECTO ÁS NOTAS**

### **1. Onde se publican as notas?**

Na web de CentrosNet, á que se accede mediante a icona correspondente da nosa web.

### **2. Por que, tendo unha media de 75 puntos sobre 100 me aparece un 7 como nota final?**

Como é preciso obter un 60% da nota para ter un apto (5), as notas superiores sofren tamén unha baixa proporcional.

### **3. Como podo interpretar as notas? Non sei que partes teño suspensas.**

Para aprobar unha destreza debe ter un mínimo de 15 puntos. Excepcionalmente, os alumnos matriculados nun curso que non sexa final de ciclo poderán promocionar cando suspendan unha destreza cun mínimo de 10 puntos, sempre e cando a suma da puntuación de todas as destrezas sexa polo menos de 60 puntos.

### **4. Por que non teño nota numérica nos exames unificados de básico, intermedio ou avanzado?**

A orde do 8 de setembro de 2008 estipula que as cualificacións das probas de certificación son *apto*, *non apto* e *non presentado*, sen nota numérica.

### **5. Por que me aparece non apto nas notas se eu non fixen o exame?**

A orde do 8 de setembro de 2008 estipula que o alumnado oficial non pode ter a cualificación *non presentado* na convocatoria ordinaria (xuño).

## **RESPECTO AOS CERTIFICADOS**

### **1. Canto custa e canto tarda en chegar o título de Ciclo Elemental?**

O título de Ciclo Elemental non hai que solicitalo, expídeselle a todo o alumnado que supere este ciclo. Pódese recoller a partir do mes de decembro do ano no que aprobou e non custa nada.

### **2. Canto custa e canto tarda en chegar o título de Ciclo Superior?**

Tarda arredor de dous anos. Cómpre solicitalo a través dun impreso oficial, que se pode recoller na secretaría do centro, e aboar as taxas correspondentes.

### **3. Con que certificado da Escola Oficial de Idiomas se me valida o título de licenciada en filoloxía inglesa / o First Certificate, etc...?**

As titulacións e certificacións doutras entidades non se validan con ningún título da Escola Oficial de Idiomas, simplemente dan acceso directo a cursos oficiais na EOI.

Para consultar a táboa de accesos directos debe mirar o anexo II da circular 5/2008, que está á súa disposición no apartado de lexislación galega da nosa web

### **4. Para que serven os títulos da Escola Oficial de Idiomas?**

As titulacións das Escolas Oficiais de Idiomas valóranse segundo a lexislación establecida a tal efecto en:

- Acceso á función pública
- Habilitación para impartir especialidades en postos de ensinanza primaria
- Concurso de traslados na función pública docente
- Valoración como formación permanente do profesorado. Cada ciclo da Escola Oficial de Idiomas computa como 100 horas de formación (Orde do 1 de marzo de 2007).

- Como créditos de libre configuración nas universidades galegas